

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE OUTUBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 3 de outubro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 30 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 9 e 10)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 7)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (2.740-315)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS
2. SAMAIN SERVICIOS Á COMUNIDADE, S.A.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario



asistencial de CEDRO (2.740-315)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 3 de outubro de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo	Proxecto piloto dixitalización							
			Libros actas Plenos	Libros actas Comis. Munic. Perm.	Índices Plenos	Índices Comis. Munic. Perm.	Padrón hab. (follas emb. indiv.)	Padrón hab. (Libros)	Listas embarque	Índices arquivo (uso diario)
1	SEVERIANO MÓVIL, S.A.U.	268.800,00 €	si	si	si	si	si	si	si	si
2	REPROUTLET, S.L.	249.513,28 €	si	si	si	si	si	si	si	si
3	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	248.891,99 €	si	si	si	si	si	si	si	si

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Jorge Cajido Ogando, con DNI **.16.26* e D^a. María Eugenia Muíños Vidal, con DNI **.19.56*, ambos en representación de XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.; D. Carlos Iglesias Grande, con DNI **.82.99*, en representación de SEVERIANO MÓVIL, S.A.U.; e D. Manuel Calvo Lourido, con DNI **.25.99*, en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:41	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC4C-E2BD26-214D41-5VYSHZ-MTVJ6F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



representación de REPROUTLET, S.L. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)

Entrégase o informe asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 30 de setembro de 2019, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación, diagnose e execución de control da normativa de aplicación para instalacións e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 30 de setembro de 2019 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes I, II, III e IV deste procedemento aberto para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:41	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC4C-E2BD26-214D41-5VYSHZ-MTVJ6F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446) na seguinte orde descendente:

- LOTE I: Material de ferretería

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	GARCIVENTA, S.L.	25,00%

- LOTE II: Material de construción

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	GARCIVENTA, S.L.	21,00%

- LOTE III: Material eléctrico

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	GARCIVENTA, S.L.	25,00%

- LOTE IV: Material fontanería e rega

	Licitador	Porcentaxe de baixa
1	SALTOKI GRANOLLERS, S.L.	35,00%
2	GARCIVENTA, S.L.	25,00%

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCIVENTA, S.L. (lotes I, II e III) e SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 21:41	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AC4C-E2BD26-214D41-5VYSHZ-MTVJ6F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		